

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE XULLO DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e oito de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión a Xefa da Asesoría Xurídica, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e dona Elva Anido Anido en substitución do Interventor Xeral Municipal, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 21 de xullo de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras para un almacén agrícola e fosa de zurro, no lugar de Fazai, parroquia de San Martiño de Carballido.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento do predio matriz sito no núcleo rural tradicional de Cuco, Parroquia de Santo André de Castro; para cambio de uso de garaxe a local sen uso definido na planta baixa do edificio sito na rúa andoriñas, número 2, con vinculación de praza de garaxe ó local con licenza de actividade nº 454/99 e nº 130/10, quedando as tres prazas de garaxe vinculadas a garaxe público de uso particular no edificio, con licenza 377/80, sito na rúa Centolo, nº 5-15 e para reforma e ampliación do CEIP Luis Pimentel, sito na rúa Santo Graal, s/n.

Acórdase a desestimación de recurso de reposición interposto contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 26 de maio de 2010, polo que se acordou conceder a licenza para a reforma do primeiro tramo de escaleiras para executar un descanso, no edificio sito na rúa Concepción Arenal, números 23-25.

3. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación definitiva do proxecto de obras ordinarias de “Ampliación de redes de distribución de gas natural en el año 2009. Término Municipal de Lugo”.

Acórdase a resolución dos recursos de reposición presentados no expediente contradictorio de ruína urbanística do inmovible núm. 4 da praza Anxo Fernández Gómez.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Acórdase a toma de razón da realización de servizos extraordinarios levados a cabo por persoal adscrito a Cultura por mor da 10ª edición do Certame de pintura rápida cidade de Lugo e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a elevación a definitiva da adxudicación provisional na contratación da obra de construción dun edificio dotacional destinado á Policía Local e Protección Civil.

ÁREA DE ALCALDÍA

6. ASESORÍA XURÍDICA.- Apróbase o réxime de suplencias durante as vacacións da Xefa da Asesoría Xurídica durante o mes de agosto do ano 2010.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase declarar deserto o procedemento de licitación para a contratación do servizo para o desenvolvemento dunha campaña de promoción e

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 280710_XuntadeGobernoLocal.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-7-2010

comercialización turística do destino Lugo, Muralla Patrimonio da Humanidade por unha axencia de viaxes “maiorista-minorista” e proceder a unha nova convocatoria mediante procedemento negociado

Lugo, 28 de xullo de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García